

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 230/2013

En data 03.05.13 foron aprobados por Resolución de Alcaldía nº 148/2013 os Pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán a poxa, por procedemento aberto, para a adxudicación dos postos de venda de alimentos no Mercado Municipal de Abastos do Concello de Ponte Caldelas.

Dado que nos Pregos, na cláusula 16, establece a composición da Mesa de contratación, por isto,

#### **RESOLVO**

**Primeiro:** A composición da Mesa de contratación queda como segue:

- Presidente: O Sr. Alcalde, D. Perfecto Rodríguez Muíños.
- O Sr. Secretario, D. Jacobo Barreiro Pimentel.
- Intervención municipal: A Sra. Interventora, Dª Maruxa Cabaleiro Cuiñas.
- A Técnico de emprego: Mónica Valle Cabirta
- Unha funcionaria: Dª Celia Rodríguez Adán.
- Unha secretaria: funcionaria dos servizos xerais, Dª Iria Fernández Peón.

**Segundo:** A Mesa de contratación procederá, en sesión non pública, á cualificación previa da documentación xeral do sobre A, o día 26.06.13 ás 13:00 horas na Casa do Concello. Unha vez constituída a Mesa de Contratación procederase á apertura dos sobres da documentación administrativa. No caso de que existan deficiencias subsanables na documentación presentada concederase un prazo de 3 días para a subsanación.

**Terceiro:** O mesmo día da apertura da documentación citada ou ó día seguinte de finalización do prazo de subsanación establecido no párrafo anterior, a Mesa procederá á apertura dos sobres que conteñen a oferta económica (sobre B), acto que será público.

**Cuarto:** Que se publique a presente resolución no Perfil do Contratante e no Taboleiro de anuncios do Concello de Ponte Caldelas.

Ponte Caldelas, 25 de xuño de 2013

O Alcalde,

Asdo.: Perfecto Rodríguez Muíños

O Secretario,

Asdo.: Jacobo Barreiro Pimentel